

NA PEL DA AREA

De mar e vento (cinco poetas de Fisterra), volume colectivo recentemente publicado na editorial Espiral Maior, permítenos achegarnos dunha forma quíntuple á ópera prima de Alexandre Nerium, Modesto Fraga Moure, Mónica Góñez Silva, Xoán Alberte Moure Ínsua e Roberto X. Traba Velay. Todos eles comparten, para alén do seu espacio natal: Fisterra, unha forza poética misteriosa que procede do vento, do sal, das brañas azoutadas polo océano, e que se vén manifestando, desde antano, en tantos autores oriundos desa zona. Pero Alexandre, Modesto, Mónica, Xoán Alberte e Roberto aínda comparten algo máis, a militancia poética directa, todas as ilusións dun presente distinto artelladas arredor do "Batallón Literario da Costa da Morte".

O prólogo inicial de Rafa Villar -inexcusable a presenza dun dos autores máis emblemáticos dos últimos tempos e que exerce de introductor ou mestre de cerimonia para estes non iniciados no espacio editorial-, breve e preciso, permítenos situar ós cinco poetas entre o mar e o vento de Fisterra:

Eles saben do mar porque o levan nos ollos e sobre todo nos dedos, e cando o pronuncian semella como se unha buguina deixase todo o seu eco nos nosos oídos e as mareas devalasen e terra dentro só houbese auga salgada. Tamén saben do vento, da súa furia querendo arrincar o horizonte e de tanta mudez como trae.

Diversas son as propostas poéticas, formas e ecos que atopamos no volume. Así, mentres Alexandre Nerium se enfunda os vellos corsés do soneto, aínda que con algunhas diverxencias a respecto do modelo clásico, Modesto Fraga amosa unha diversidade métrica pouco frecuente. Igual que Roberto Traba prefere os versos longos e pausados, de cadencia rítmica, Mónica Góñez opta polo caos que conforma unha escrita radical e Xoán Alberte Moure sorprende pola concisión da súa mensaxe poética envolta en versos brevísimos e textos de reducidas dimensións.

Nada máis difícil, xa que logo, que resumir estas cinco poéticas nunha sucesión de rasgos comúns. Nada, por outra banda, tan grato para o lector como tal diversidade de propostas versais:

Alexandre Nerium fálanos sobre todo do mar que o enche todo e que adxectiva calquera tipo de realidade pero tamén extrapola a súa atención cara ó poema, ese silencio inmenso que manca e alivia, que mentres ofrece unha eternidade viva esixe o tributo de arder coa queimazón das palabras:

*A verba do futuro, a que perdura,
a verba que vive despois da morte,
a verba, a máis escrava e a máis forte
é a fermosa verba da escritura.*

Modesto Fraga déixase ennovelar polo triste sentimento do amor que se perdeu. A amada é esquiva e adopta formas diversas para lacerar ó eu poético que existe tanto en función da chaga que o devora como da esperanza que alimenta nel o desexo de novos corpos e de tempos máis felices:

*Existes porque agardas
novos outonos para volver a amar
e sentírmolo sangue
da paixón desenfreada
latexando novamente, meu amor.
E na feliz distancia
que prendeu a unión dos nosos corpos,
lembrareime, amada,
que no solsticio último do inverno
existo porque sei que existes.*

Mónica Góñez introduce no poema a dispersión, o caos, a violencia extrema dunha lingua libre de ataduras. Son as "Patadas no ventre" que sorprenden ó lector, que o deixan exhausto e derrotado fronte a unha dureza nada gratuita e, mentres, vanse derrubando fronteiras e estereotipos ata a nudez absoluta:

*Abre o gas e cuspe sobre o lume,
entra;
mancha de ti o vertedeiro,
enche contigo os azulexos
e que só a ti te reflectan*

en ondas que me furen o cerebro;

fai e desfai

sen chegar a quererme;

non deixes marcas de suor.

Xoán Alberte Moure ofrece, desde a contención de que fai gala o seu verso, unha nova viaxe polo desamor, polas arquitecturas dun mar "De amores e corais" onde o eu poético está chamado a naufragar. E, mentres se van esculcando os rastros perdidos, as pegadas borrosas da muller amada, o tempo nace lento como o olvido :

Para olvidarte

só teño o tempo

para olvidarte

só podo agardar

a que este tempo que teño

pase axiña para te olvidar.

Finalmente, Roberto Traba mergúllase no silencio, arisco ou fértil, da escrita. O poema xorde nel como a terceira onda mariña, a de forza máis atroz, e ondúlase co seu ritmo de serea mentres un aire de jazz invade os versos. O eu poético vai axexando a voz por estreitas e escuras ruelas ata atrapala en poemas debuxados no océano, nunha voz que se esvae e rasga de tan transparente:

O cantante de Jazz non se ve, está oculto,

e a súa voz negra discurre por surcos redondos,

nunha espiral sen fin de música en conserva

que fai mover ós corpos con ritmo pasmoso.

E a melodía sigue, prosigue avanzando,

no medio das olladas que exploran siluetas

e de beizos que amosan pintados de azul

esa tola razón que nos obriga a todos

a seguir falando de nada para non fuxir de aquí.

De mar e vento son estes versos, de sal e frémito, de corais e patadas, pois así é a vida vista desde a alma do poeta. E, como nace o día en Fisterra, ilumínanse, para nós, as rutas trazadas na pel da area, cunha luz docemente humana.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 785, 3-7-1997, pp.24-25